

Evidencia de:

Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (Interuniversitario)

Descrición do título. Valoración xeral do cumprimento do criterio

Valorarase o criterio de "Descrición do título" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).

Valoración xeral do grao de cumprimento da directriz

- Satisfactoria
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentais

Reflexión (xustificación da valoración) / conclusións

No curso 2013/2014 ofertouse por primeira vez o Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada (MILA), en que participan as Facultades de Filoloxía da UDC e da USC, xunto coa Facultade de Filoloxía e Tradución da UVigo.

No que di respecto do número de alumnos, matriculáronse 9 na UDC (un a tempo parcial), 12 da USC e 6 na Uvigo, alcanzándose así un total de 27 alumnos, unha cifra que sitúa ao mestrado por enriba do número mínimo de prazas de novo ingreso -que no Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma, DOG 09/12/2011,

(http://www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/titulos/DECRETO_222_2011_Xunta_Galicia.pdf), así como na Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, DOG 29/03/2012

(http://www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/titulos/ORDE_20-03-2012_desarrollo_D222_2011.pdf) establécese para as ensinanzas universitarias oficiais de mestrado universitario nun número "non inferior a 20". En consecuencia, no primeiro ano de implantación do MILA conseguiuase unha demanda de alumnado acorde aos requisitos establecidos pola Xunta de Galicia.

No referido ao número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudante, para o curso 2013/2014, as tres universidades teñen normativa de permanencia. Así, o Consello de Goberno da UDC aprobou o 26 de xuño de 2013 unha Normativa de permanencia de estudantes de grao e máster na Universidade da Coruña

(http://www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/PERMANENCIA.pdf) en que se regula a permanencia e progresión dos estudantes da UDC de Grao e Máster, tal e como se determina no criterio de "Descrición do título" para a solicitude de verificación de títulos oficiais. Así, no artigo 3.2. desta Normativa indícase que nos estudos de máster universitario

"os estudantes de primeiro curso, por primeira vez, matriculados en réxime de dedicación a tempo completo [...] deberán superar nese curso académico polo menos 18 créditos, e de 12 créditos a tempo parcial". Como se pode comprobar, nesta Normativa -así como na Normativa de Xestión Académica da UDC para o curso académico correspondente

(http://www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/normativa_xestion_academica1314.pdf)- tamén se contempla a posibilidade de que os estudantes da UDC poidan cursar estudos a tempo parcial e a tempo completo, coa finalidade de establecer unha maior diversidade na planificación docente e, deste modo, ofrecer un servizo público que dea resposta aos diferentes tipos de persoas que decidan cursar estudos universitarios. Coincide así coa Normativa de Permanencia e Progreso da UVigo aprobado polo Consello Social o 2 de abril de 2013 (DOG do 19/04/2013.

http://www.uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/uvigo_gl/DOCUMENTOS/alumnado/Normativa_Permanencia_UVIGO_DOG.pdf).

Por súa vez, o DOG de 17/07/2012 publicou a Resolución de 13 de xuño de 2011 pola que se acorda a publicación da normativa de permanencia nas titulacións de grao e mestrado da USC, aprobada no Consello Social de 05/06/2012. Nela recóllese, igualmente, dous tipos de matrícula (a tempo completo e a tempo parcial) e indícase que "o alumnado que inicia os seus estudos nunha titulación deberá superar como mínimo unha materia obrigatoria no primeiro curso. De non cumprirse este requisito, admitirase de novo a matrícula no curso seguinte, mais neste caso deberá superar un mínimo de 30 créditos obrigatorios do primeiro curso para matrícula a tempo completo, e 15 no caso de tempo parcial".

Finalmente, canto aos idiomas deste mestrado, e tal e como figura nas guías docentes das diversas materias, as linguas en que se imparten son o galego e o español.

Boas prácticas

Propostas de mellora



Breve descrición das modificacións

Xustificación das modificacións

Outros anexos

Evidencia de:

Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (Interuniversitario)

Xustificación. Valoración xeral do cumprimento do criterio

Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentais

Reflexión (xustificación da valoración) / conclusións

Para a valoración do cumprimento dos intereses académico, científico e profesional do Mestrado en Lingüística Aplicada descritos na Memoria de Verificación tivemos en conta os resultados globais das enquisas de satisfacción do SGIC realizadas a alumnado e profesorado das tres universidades (ver anexos "Evaluación máster_Santiago_alumnos.doc", "historico_enquisas_mestrado_Uvigo.xlsb", "4436V02_MU EN LINGÜÍSTICA APLICADA_1.xls", "Enquisas_profesorado_USC.pdf" e "MU EN LINGÜÍSTICA APLICADA.doc"). En liñas xerais os alumnos matriculados no máster de Lingüística Aplicada mostran unha clara satisfacción tanto nos conceptos de formación coma nos de planificación, desenvolvemento da docencia e de resultados obtidos. Na USC a valoración do mestrado acadou 4,16/5. Trátase dunha cualificación superior á cualificación media acadada nas titulacións da súa rama de coñecemento e tamén superior á avaliación media de tódalas titulacións da USC. Do mesmo xeito na Universidade de Vigo a cualificación global é de 4,12 /5, unha media por enriba da obtida nesa universidade (3,95). Na UDC, por súa parte, o alumnado cualifica cun 4,40 sobre 7 a súa satisfacción a respecto do desenvolvemento do ensino.

Así mesmo, tamén cotexamos a información dos varios axentes que participan no título, como a Comisión de Organización Académica (COA), as coordinadoras dos títulos e, nomeadamente, a Comisión de Estratexia e Calidade (CEC), que é o órgano responsable do Sistema de Garantía de Calidade do título.

Por outra parte, para o seguimento deste criterio todavía non contamos cos resultados das enquisas de satisfacción aos graduados que se fan nas universidades de A Coruña e Vigo, con preguntas referidas ao interese profesional, académico e investigador e outros datos inserción laboral. A UDC preparou esta enquisa no curso 2013/2014. O modelo de "Enquisa de satisfacción a titulados" foi elaborada pola Unidade Técnica de Calidade da UDC en setembro de 2013 e foi entregado á Administradora do Centro para que llela facilite aos egresados da UDC no momento de recollen o seu título. Porén, como aínda non se recibiron os títulos oficiais da primeira e única promoción de titulados non puido ser entregado aos egresados. Por tanto, estamos coa execución parcial deste Plan de mellora xeral do centro, cuxos resultados permitirán avaliar a inserción laboral dos egresados e, consecuentemente, valorar a xustificación do título. Posto que a USC non ten unha enquisa de satisfacción dos egresados, nunha próxima reunión da Comisión Académica vaise propor que a persoa encargada da coordinación da USC pase aos estudantes unha enquisa similar á deseñada na UDC.

Canto á oferta e demanda do título, como xa indicamos na valoración do cumprimento do criterio "Descrición do título", no curso 2013-2014 o número total de alumnado matriculado no título foi de 27. Deste modo, o grao de ocupación desta titulación a respecto da oferta e demanda foi do 90%, polo que as cifras resultan satisfactorias. Con todo, desde a Comisión Académica do mestrado e desde os decanatos das distintas Facultades consideramos que se debe continuar a traballar no aumento de alumnado (nacional e internacional), continuando coas labores de promoción e captación de estudantes. Para potenciar a difusión do mestrado creouse unha páxina web propia con información fundamentalmente dirixida ao estudantado (<http://www.mila.gal/>) (vid. acta do 8 de maio de 2013).

Por outra parte, e relacionado coa demanda do título, consideramos que para realizarmos unha mellor reflexión deste criterio cumpriría analizar datos de inserción laboral desta titulación, mais na actualidade non dispomos de tal información. Por este motivo, consideramos que se debería realizar un plan de seguimento dos egresados para conseguir esta tipoloxía de datos. Aínda que so contamos co resultado moi favorable (4,44/5) do ítem das enquisas da Universidade de Santiago sobre a satisfacción dos titores externos co programa de prácticas externas, a alta valoración (4.32/5) obtida na pregunta sobre a utilidade das materias para a súa formación outorgada polos estudantes da UVigo apoian o interese acedémico, científico e profesional do mestrado. Alén diso a valoración feita polos titores de prácticas no seus informes avalan o carácter esencialmente aplicado do mestrado e a axeitada preparación dos nosos estudantes para a súa incorporación ao mundo laboral. Alguns desos titores fixéronnos chegar por e-mail unha mensaxe amosando a súa satisfacción (vid. anexos). Cómpre salientar que dúas alumnas foron contratadas polas empresas nas que fixeron as prácticas, concretamente, polas editoriais Galaxia e Rinoceronte

(vid. adxuntos). Outro dos estudantes unha vez rematadas as súas prácticas no CESGA foi contratado pola editorial Sentisis, tal e como informa o seu titor de prácticas á coordinadora do mestrado pola UDC. (vid. adxuntos).

Boas prácticas













Propostas de mellora

1. Prórroga do plan de 2013/2014 "Estudo de inserción laboral das titulacións da Facultade de Filoloxía" da UDC
2. "Realización da enquisa de satisfacción de egresados na USC e na UVigo"

Breve descrición das modificacións

Xustificación das modificacións

Outros anexos

-  4436V02_MU EN LINGÜÍSTICA APLICADA_1.xls
-  ENQUISA_TITULADOS.doc
-  Enquisas de satisfacción do PROFESORADO.doc
-  Evaluación máster_Santiago_alumnos.doc
-  MU EN LINGÜÍSTICA APLICADA.doc
-  Mensaje 1 de satisfacción_prácticas_alumna de Vigo.pdf
-  Mensaje de satisfacción tutor prácticas_CESGA.pdf
-  Mensaje de satisfacción tutora_EOI.pdf
-  Mensaje de satisfacción_tutora_Intermón.pdf
-  Mensaje2 de satisfacción tutora prácticas_EOI.pdf
-  Mensaje2_de_satisfacción_prácticas_alumna de Vlgo.pdf
-  Titores_práctias_externas_enquisas_USC.pdf

Evidencia de:

Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (Interuniversitario)

Competencias / obxectivos. Valoración xeral do cumprimento do criterio

Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentais

Reflexión (xustificación da valoración) / conclusións

Consideramos que os obxectivos e competencias están ben formulados e manteñen o seu vigor. Para a valoración do cumprimento do criterio "Obxectivos / competencias" temos como indicador principal os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado. Así, o alumnado da UDC e da UVigo mostra un grao alto de satisfacción nos obxectivos outorgando 5 puntos sobre 7, e 4 sobre 5 repectivamente. Canto ao profesorado, os resultados son semellantes aos obtidos nas enquisas dos estudantes na UDC (5.13/7) e na UVigo (5.2/7). Aínda que nas enquisas da USC non hai unha pregunta referida especificamente ao cumprimento dos obxectivos do plano de estudo, a valoración global outorgada ao mestrado (4,16/5) indica que tamén existe un alto grao de satisfacción.

Canto á cifra de participación do alumnado na realización destas enquisas, existen diferencias entre as tres universidades: na USC foi dun 25%, na Uvigo, dun 41.33%, e na UDC, dun 55%. Canto á participación do profesorado, foi dun 68.18% nas universidades de A Coruña e Vigo, e dun 36.36%, na USC. Como se pode comprobar á luz dos datos, a participación na realización das enquisas de satisfacción tanto de alumnado como de profesorado non é moi elevada. Nas tres universidades ?con especial énfase na USC? traballárase na adopción de medidas para fomentar a participación na realización das enquisas. Por outra parte, para comprobarmos que todas as competencias (básicas e xerais, transversais e específicas) se están a cumprir podemos recorrer ao grao de cumprimento e de éxito conseguido polo alumnado. A este respecto, a análise das taxas de eficiencia e de éxito (véxase tamén o criterio "Resultados"), permítenos evidenciar que o alumnado está a adquirir moi positivamente os obxectivos e competencias propios da titulación, pois no curso 2013-2014 temos unha taxa media global de eficiencia e de éxito do 98.92% e do 99.05%, respectivamente.

Así mesmo, e para completarmos a valoración do cumprimento deste criterio, precisaríamos conseguir a opinión de egresados, pero todavía non contamos cos resultados das enquisas que se fan nas universidades de A Coruña e Vigo, con preguntas referidas ao interese profesional, académico e investigador e outros datos de inserción laboral. Na Universidade de Vigo utilízase o sistema UNIDATA que proporciona información sobre a análise dos datos proporcionados polo alumnado egresado. Na UDC esta enquisa faise desde o curso 2013/2014, dentro do Plan de mellora "Estudo de inserción laboral das titulacións da Facultade de Filoloxía". O modelo de "Enquisa de satisfacción a titulados" foi elaborada pola Unidade Técnica de Calidade da UDC en setembro de 2013 e foi entregado á Administradora do Centro para que llea facilite aos egresados no momento de recollen o seu título. A análise dos resultados desas enquisas permitirán avaliar a inserción laboral dos egresados e, consecuentemente, valorar a consecución das competencias e obxectivos do título. Posto que a USC non ten unha enquisa da satisfacción dos egresados, nunha próxima reunión da Comisión Académica vaise propoñer que a persoa encargada da coordinación da USC pase aos estudantes unha enquisa similar á deseñada na UDC.

Boas prácticas

Propostas de mellora




1. "Aumento da participación na enquisa de satisfacción do alumnado na USC e na UDC"
2. "Realización da enquisa de satisfacción de egresados na USC"

Breve descrición das modificacións

Xustificación das modificacións



Outros anexos

-  ENQUISA_TITULADOS.doc
-  Enquisas de satisfacción do ALUMNADO 13 14 MILA.pdf
-  Enquisas de satisfacción do PROFESORADO.doc

Evidencia de:

Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (Interuniversitario)

Acceso e admisión de estudantes. Valoración xeral do cumprimento do criterio

Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentais

Reflexión (xustificación da valoración) / conclusións

O título ten unha ocupación dun 90% (30 prazas ofertadas e 27 matriculacións). UDC: 9 (1 a tempo parcial); USC: 12; UVigo: 6. Esta cifra sitúa o mestrado por encima do número mínimo (20) e achégao ao número máximo de admitidos (30, 10 por cada universidade). Na USC foi preciso solicitar unha ampliación do número máximo de alumnos admitidos.

Os idiomas en que se imparte o mestrado son galego e español.

Canto aos procedementos de acceso e admisión, non se detectaron en xeral problemas relevantes. Con todo, as accións de difusión e captación do título víronse claramente mitigadas polo feito de que até o 29/07/2013 non se recibiu o informe final de Verificación do mestrado, o que provocou unha retracción na oferta/demanda por parte do estudantado.

No referido á baixa cualificación obtida na UDC sobre a satisfacción do estudantado co procedemento de admisión de estudantes (3.25/7), resúltanos difícil entender os motivos que poden estar detrás, pois non houbo ningunha reclamación ás distintas listaxes de admitidos e excluídos que saíron nos diferentes prazos de preinscrición. Tamén cómpre advertir que ningún dos alumnos que presentou a documentación completa para realizar o mestrado quedou excluído e que todos puideron cursar a especialidade solicitada, cuxa adecuación aos estudos previos foi en varios casos valorada polas coordinadoras. Non obstante, para o curso 2014-2015 pedírase ás persoas encargadas da titorización dos estudantes que lles pidan a súa opinión sobre este aspecto.

Sobre os mecanismos que as Facultades e as Universidades proporcionan para que o alumnado compatibilice a súa actividade académica con outras, de maneira que se favoreza á incorporación de novo estudantado á titulación, habería que dicir que na UDC un dos estudantes (profesor de Ensino Medio) estaba matriculado a tempo parcial, e que 2 estudantes (un da UDC e outro da USC) solicitaron a dispensa académica.

En relación aos procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso, destacamos:

-Xornada de acollida para o alumnado do Mestrado en Lingüística Aplicada. Esta xornada de acollida divídese en dúas partes. Durante a primeira parte os estudantes reúnen en cada campus coas coordinadoras que se encargan de lles proporcionar información xeral sobre o título, centro e universidade. Na segunda parte conéctase cos outros campus por videoconferencia para coñecer ao estudantado e ás coordinadoras das outras dúas universidades. Nesta segunda parte insíste en aspectos da coordinación do ensino entre as distintas universidades (vid. anexo "Acta do 7 novembro de 2013").

-Xornadas de orientación laboral, para informar ao estudantado sobre as diferentes opcións laborais ás que pode acceder unha vez rematada a titulación. Nestas xornadas participan egresados tanto das licenciaturas extintas como dos mestrados (extintos ou en vigor), de modo que poden observar o interese e saídas profesionais reais (empresas, doutoramentos...) sobre a súa titulación.

-Participación no Plano de Acción Titorial (PAT), no que as facultades de Filoloxía e de Filoloxía e Tradución das universidades da Coruña e Vigo están inmersas por completo con todas as súas titulacións, tanto de grao como de mestrado. Aínda que a USC non conte actualmente co PAT, tamén se lles asignou aos seus alumnos un titor (vid. acta do 7 de novembro de 2013). Cómpre indicar que desde a Facultade de Filoloxía da UDC elaboramos un modelo de enquisa de acollida inicial (ver anexo) para o alumnado de Mestrado que se incorpora ao PAT, pois non existe na UDC ningún modelo específico para o alumnado deste nivel. Deste modo, poderemos recoller información sobre o perfil de ingreso do alumnado que cursa este Mestrado. Esta enquisa de acollida pasóuselle ás coordinadoras das outras universidades participantes no título co fin de que os titores a empreguen nas súas entrevistas e desde xeito poder recoller información sobre o perfil de ingreso do estudantado.

Canto ás enquisas de profesorado, as cualificacións outorgadas á pregunta sobre a satisfacción das accións que orientan ao estudante foi altamente satisfactoria na UDC (5.5/7) e moi satisfactoria na UVigo (4.83/7). Tamén os alumnos da UDC valoraron positivamente estas accións (5/7). Non hai nas enquisas das outras universidades ítems referidos especificamente a este aspecto, non obstante, o resultado obtido na USC na pregunta sobre a axuda recibida nas titorías (4.26/5) podería resultar

orientativo para a valoración deste criterio.

Canto á cifra de participación do alumnado na realización destas enquisas, existen diferencias entre as tres universidades: na USC foi dun 25%, na Uvigo, dun 41.33%, e na UDC, dun 55%. Canto á participación do profesorado, foi dun 68.18% nas universidades de A Coruña e Vigo, e dun 36.36%, na USC. Como se pode comprobar á luz dos datos, a participación na realización das enquisas de satisfacción tanto de alumnado como de profesorado non é moi elevada. Nas tres universidades -con especial énfase na USC- traballárase na adopción de medidas para fomentar a participación na realización das enquisas.

Boas prácticas

- Plano de Acción Titorial
- Xornadas de Acolida
- Xornadas de Orientación Laboral
- Posibilidade de matrícula a tempo parcial e de dispensa académica.






Propostas de mellora

- Plan de mellora "Medidas para fomentar a participación na realización das enquisas".

Breve descrición das modificacións

Xustificación das modificacións

Outros anexos

-  Acta_7_novembro_2013.pdf
-  Enquisas de satisfacción do ALUMNADO 13 14 MILA.pdf
-  Enquisas de satisfacción do PROFESORADO.doc
-  MU EN LINGÜÍSTICA APLICADA.doc
-  cuestionario.inicial.mestrados_2013-14.doc

Evidencia de:

Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (Interuniversitario)

Planificación das ensinanzas. Valoración xeral do cumprimento do criterio

Valorarase o criterio de “Planificación das ensinanzas” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de “Planificación da ensinanza”, “Garantía da calidade dos programas formativos” e “Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe” do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentais

Reflexión (xustificación da valoración) / conclusións

A planificación académica do mestrado concentra no primeiro cuadrimestre as materias de carácter obrigatorio, que se imparten de xeito simultáneo nas tres universidades con profesorado específico en cada campus, e dúas materias de carácter optativo pertencentes a dous dos tres módulos da especialidade correspondente, mentres que no segundo cuadrimestre se cursan as restantes materias de cada unha das tres especialidades (Adquisición e ensino de linguas; Comunicación e recursos lingüísticos e Léxico, gramática e variación).

Canto á distribución temporal das ensinanzas, a impartición das materias na franxa horaria da tarde constitúe un elemento positivo ao favorecer a asistencia ás aulas de persoas xa inseridas no mercado laboral ou que compatibilizan o mestrado coa realización dun segundo grao no horario de mañá.

Así mesmo, consideramos que o adiamento da publicación das guías docentes na páxina web das distintas facultades participantes facilita a información sobre as condicións académicas do Mestrado (competencias, contidos, avaliación...), o que permite unha mellor organización do tempo e das tarefas por parte do alumnado.

Neste sentido, e relacionado coas guías docentes, cómpre indicar que desde a Comisión Académica vélese polo seu cumprimento para que o alumnado das tres universidades adquiran as mesmas competencias e contidos e sexan avaliados por igual, coa existencia dunha guía única para as materias obrigatorias, que, como dixemos, teñen asignado profesorado específico en cada campus. Por este motivo a Comisión Académica decidiu encargar a cinco profesores a coordinación das cinco materias obrigatorias (ver acta do 19/06/2013). Aínda que a impartición das distintas materias das especialidades corresponde a un único profesor para os tres campus, cada universidade encargouse da coordinación dunha especialidade e nomeou a un coordinador para cada módulo, que revisaron os programas, co fin de evitar solapamentos, desaxustes na avaliación e outros problemas que poderen xurdir (vid. acta do 19/06/2013).

A análise dos resultados das enquisas do profesorado sobre a planificación do ensino na UDC (5.53/7) e na Uvigo (4.6/7) resulta satisfactoria. Idéntica reflexión podemos facer para a USC, pois, aínda que non haxa un ítem específico sobre a planificación do ensino, pensamos que as cualificacións obtidas nos ítems sobre a coordinación das materias (3.65/5 e 4.71/5) entrarían dentro dos aspectos avaliados neste criterio. Canto ao alumnado podemos dicir que a pesar de que as cualificacións das enquisas realizadas nas Universidades de Santiago (4.14/5) e Vigo (4.43/5) non delatan a existencia de ningún problema sobre a coordinación entre o profesorado das materias, cómpre facer una reflexión sobre a media obtida na UDC (3.75/7), que é sensiblemente inferior á cualificación doutros ítems. Unha vez transcorrido o primeiro ano da implantación do mestrado, pediráselles aos coordinadores de especialidade que fagan unha valoración do desenvolvemento da docencia nas distintas materias, co obxecto de detectar posibles problemas. Tamén, logo de escoitar ao alumnado deste primeiro ano, tratarase de que exploren a posibilidade de pedir traballos conxuntos dentro dun mesmo módulo. De xeito que nun único traballo final pódanse plasmar os aspectos aprendidos ao longo do curso, xa que esto pode ser un bo punto de partida para a posterior realización do TFM.

Na cualificación obtida na UDC neste apartado pode ter influido o feito de que o alumnado estivese tamén a incluír a súa valoración sobre a carga de traballo, pois foi unha queixa que en ocasións fixeron chegar ás coordinadoras, titores e profesorado do mestrado, facendo fincapé na descompensación detectada entre a carga de traballo de distintas materias co mesmo número de créditos. Isto tamén habería que relacionalo coa cualificación algo por debaixo da media que na UVigo obtiveron as pregunta sobre a proporcionalidade dos créditos coa carga de traballo (3,60/5) e sobre a planificación do traballo autónomo do alumno (3.93/5). Dende a coordinación intentarase concienciar o profesorado para que adapte os contidos e os procesos de avaliación aos créditos asignados a cada materia da forma máis próxima posible á realidade. Cómpre engadir que o profesorado encargado de materias nas que houbo problemas relacionados coa carga de traballo foron puntualmente informados destas incidencias e comprometéronse a rebaxala (vid. Acta do 16 de xaneiro de 2014). Durante o presente curso os responsables de especialidade farán un seguimento especial desas materias.

Ademais desta coordinación horizontal entre os diversos membros de xestión académica e PDI en xeral, realizáronse mecanismos de coordinación vertical entre as coordinadoras do mestrado e co alumnado en diversas reunións durante o curso para avaliar o desenvolvemento do curso (tal e como se reflicta no apartado no párrafo anterior), alén de establecer o contacto continuado a través do correo electrónico con información relativa a este criterio: sobre oferta de liñas de TFM, orientación laboral, convocatorias de cursos e outras actividades de interese académico e laboral, etc. Así mesmo, a través do titor consolídase esta coordinación vertical, coa finalidade de garantir unha maior eficiencia e satisfacción no estudantado.

A respecto do Traballo de Fin de Mestrado, a Comisión Académica do mestrado elaborou un documento conxunto titulado Calendario, pautas de redacción e de presentación do traballo fin de mestrado que sexa de validez para todo o alumnado do mestrado, independentemente de cal sexa a universidade na que estea matriculado. Para a elaboración do devandido documento tívose en conta a Normativa para a realización e presentación do traballo de Fin de mestrado da Facultade de Filoloxía da UDC aprobada o 11 de marzo de 2010, na que se regula todo o referente ao TFM (características desta materia de 6 créditos ECTS, prazos, formato, extensión, regulación e publicación da oferta de liñas de investigación, constitución de tribunais, avaliación...). Posteriormente comprobouse que o documento elaborado pola Comisión Académica do mestrado non incurría en ningunha contradición coas modificacións introducidas na normativa da UDC, que foron aprobadas pola Xunta de Facultade do 26 de febreiro de 2014 (http://www.udc.gal/filo/facultade/normativa_academica/TFM_Normativa.html).

As coordinadoras de cada campus mantiveron unha reunión cos alumnos durante a terceira semana de xaneiro para lles presentar a normativa e as liñas dos TFM. Esa mesma reunión aproveitouse para lles anticipar a información básica sobre as prácticas en empresas (vid. Acta do 16 de xaneiro).

Así mesmo, as tres Universidades teñen habilitada unha oportunidade extraordinaria fin de titulación para a defensa do TFM, coa finalidade de que os alumnos que non puideron defender o TFM no ano académico o poidan facer no final do primeiro Cuadrimestre do curso seguinte (febreiro).

Pola súa parte, as enquisas de satisfacción móstrannos que o alumnado está bastante satisfeito coa planificación do ensino. Na UDC este ítem da enquisa obtivo unha cualificación de 4 puntos, na USC non se recolle na enquisa un ítem sobre este aspecto pero a cualificación global obtida na titulación (4.16/5) apunta a que o grao de satisfacción neste punto tamén é alto. A mesma reflexión podemos facer na UVigo a partir dos 4.05/5 de media acadados nos ítems referidos á planificación.

Canto á participación do alumnado na realización destas enquisas, hai algunha diferenza entre as universidades participantes. Mentras que na Universidade de Santiago foi dun 25% e na UDC dun 55%, na Uvigo ascendeu ao 41.33%. Nas tres universidades traballárase na adopción de medidas para fomentar a participación na realización das enquisas.

Boas prácticas

- Adianto da publicación das guías docentes na páxina web das facultades participantes
- Oportunidade extraordinaria fin de titulación para a defensa do TFM no final do primeiro cuadrimestre do curso seguinte







Propostas de mellora

1. "Valoración do desenvolvemento da docencia nas diferentes materias por parte dos coordinadores de especialidade"
2. "Traballos conxuntos dentro dun mesmo módulo"
3. "Maior adaptación entre o traballo asignado a cada materia e o número de créditos"
4. "Fomento da participación do alumnado da UDC e da USC na enquisa de satisfacción"




Breve descrición das modificacións

Xustificación das modificacións

Outros anexos

-  2014_10_21_TFM_Convoc_extraord_1_cuadr_Datas_de_entrega_e_defensa MILA.pdf
-  ACTA 14.02.26.pdf
-  ACTA CEC 4 (06-02-2014).pdf
-  Acta_16_1_2014 Coordinación MILA.pdf
-  Acta_19_xuño_2013 Coordinación MILA.pdf
-  Anexo IIIb.pdf



-  Anexo IIIb1.pdf
-  Anexo IIIb2.pdf
-  Anexo IIIb3.pdf

Evidencia de:

Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (Interuniversitario)

Recursos humanos. Valoración xeral do cumprimento do criterio

Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentais

Reflexión (xustificación da valoración) / conclusións

Tal e como figura na memoria de Verificación, o Máster en Lingüística aplicada conta con profesorado especialista en linguas e lingüística altamente cualificado, procedente de diferentes áreas de coñecemento da UDC, USC e UVIGO. Concretamente as áreas de coñecemento vinculadas ao programa son: Lingüística xeral, Lingua española, Filoloxía alemá, Filoloxía francesa, Filoloxía italiana, Filoloxía románica, Filoloxía galega e portuguesa, Filología grega, Filoloxía latina, Tradución e interpretación, Filoloxía inglesa, Lingüística indoeuropea, Ciencia da computación e intelixencia artificial, e Linguaxes e sistemas informáticos. Os profesores que impartiron aulas o curso 2013-2014 son profesores doutores a tempo completo, que participaron nos últimos anos en diferentes mestrados e postgrados, varios deles coa mención de excelencia, e que acreditan unha ampla experiencia investigadora no ámbito da lingüística. Participaron 22 profesores da UDC, 21 profesores da USC e 19 da UVigo, entre eles 12 catedráticos, atopándose entre os restantes unha porcentaxe moi elevada de profesores titulares de universidade.

Unha parte importante do profesorado implicado neste máster ten formación en novas metodoloxías de ensino e aprendizaxe, posto que as tres universidades ofrecen programas de Formación e Innovación Docente. Tamén utilizan os recursos do Campus Virtual, dispoñible nas tres universidades, como apoio nas súas tarefas docentes. Así mesmo, o mestrado conta co apoio de cualificado persoal de administración e servizos das tres institucións. Por estes motivos podemos valorar o cumprimento deste criterio en termos xerais como satisfactorio para este Mestrado.

Cómpre actualizar os datos aportados na memoria sobre os méritos investigadores e docentes, pois nos anos 2013 e 2014 hai docentes que obtiveron un sexenio. O resultado na UDC foi de 8 sexenios; na USC, de 8, e na Uvigo, de 4. Isto avala a actividade investigadora dos profesores participantes no mestrado, pois supón un total de 20 sexenios obtidos entre os cursos 2012-2013 e 2013-2014. Ademais, tres profesores da UDC e unha profesora da USC obtiveron unha avaliación positiva no programa Docentía.

Canto á satisfacción expresada polo alumnado nas enquisas do SGIC sobre a adecuación do persoal docente e a súa cualificación profesional, no curso 2013/2014 valórase moi satisfactoriamente a este colectivo nas tres universidades. Na UDC este ítem obtivo 5.40 /7, na USC, 4.21/5, e na Uvigo, 4.04/5. As entrevistas que os titores e as coordinadoras mantiveron cos estudantes axudaron a coñecer cales foron os principais problemas que xurdiron co persoal académico ao longo deste primeiro ano. Os profesores foron oportunamente informados e nalgún caso déronlles solución antes de rematar o curso e noutros mostráronse dispostos a adoptaren medidas encamiñadas á súa resolución durante o curso 2014-2015. Os problemas xurdidos tiveron que ver fundamentalmente coa carga de traballo (acta da reunión da CA do 16 de xaneiro de 2014). Desde a Comisión Académica acordouse facer un seguimento da evolución daqueles casos onde foi detectado algún tipo de conflito.

Pola súa parte, o profesorado tamén mostra unha valoración satisfactoria a respecto do persoal asignado á titulación con 5.60 puntos sobre 7 na UDC, e de 5.31/7 na UVigo no ítem correspondente á coherencia dos criterios de asignación de docencia coa capacitación do persoal. Aínda que na enquisa da USC non se pregunta especificamente pola valoración do persoal, os ítems sobre a adecuación da coordinación das distintas materias e da coordinación entre profesorado dunha mesma materia (nos casos en que haxa máis dun profesor), foron tamén positivos 3.63/5 e 4.71/5 respectivamente.

Canto á participación do profesorado na realización desas enquisas, foi dun 68.18% nas universidades de A Coruña e Vigo, e dun 36.36%, na USC. A cifra de participación do alumnado tamén mostra diferencias entre as tres universidades: na USC foi dun 25%, na Uvigo, dun 41.33%, e na UDC, dun 55%. Como se pode comprobar á luz dos datos, a participación na realización das enquisas de satisfacción tanto de alumnado como de profesorado non é moi elevada. Nas tres universidades -con especial énfase na USC- traballárase na adopción de medidas para fomentar a participación na realización das enquisas.

Polo que se refire á dotación de Persoal de Administración e Servizos, cómpre indicar as facultades responsables do título mantiveron para o curso 2013/2014 practicamente o seu cadro de persoal, que velan polo bo funcionamento dos centros nestes aspectos. A este respecto, cómpre sinalar que na UDC, despois da aprobación da RTP do PAS, foi creada unha Unidade de

Apoio aos Departamentos e á Investigación (UADI), unha unidade administrativa para axudar aos profesorado e aos departamentos, tendo como consecuencia que de 3 secretarías de Departamento pasásemos a dous postos nesta unidade (con un xefe de sección e unha auxiliar administrativa), de aí que descendese o número de membros PAS.

Canto ás enquisas do SGIC, constatamos que o PAS na UDC se mostra satisfeito co seu traballo, cunha media de 4.67 puntos sobre 7 no curso 2013/2014, tendo unha porcentaxe de participación do 93.75 %. Na USC tamén temos indicadores positivos, xa que este colectivo valorou moi positivamente (4.09/5) as actividades formativas desenvolvidas, cunha porcentaxe de participación do 93.57% (vid. Informe de satisfacción do PAS na USC).

Boas prácticas

- Actividade investigadora dos docentes do mestrado, dos que 20 obtiveron sexenio entre os anos 2013 e 2014.
- Participación dunha parte do cadro de profesores do mestrado no programa Docencia






Propostas de mellora

Plano de mellora "Medidas para fomentar a participación na realización das enquisas do SGIC" (ver "Acceso e incorporación de estudantes").

Breve descrición das modificacións

Xustificación das modificacións

Outros anexos

-  Enquisas de satisfacción do ALUMNADO 13 14 MILA.pdf
-  Enquisas_profesorado_USC.pdf
-  MU EN LINGÜÍSTICA APLICADA.doc
-  PAS_Fac.Filoloxia.doc
-  informe de satisfacción de PAS_USC.pdf

Evidencia de:

Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (Interuniversitario)

Recursos materiais e servizos. Valoración xeral do cumprimento do criterio

Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentais

Reflexión (xustificación da valoración) / conclusións

As distintas facultades que se encargan da impartición deste título veñen investindo anualmente unha parte moi importante dos seus orzamentos en mellorar as súas instalacións e infraestruturas, incidindo sobre todo na adaptación das aulas de docencia ás exigencias do novo Espazo Europeo de Educación Superior (mobiliario móbil, recursos informáticos...). Perante as restricións orzamentarias destes últimos exercicios económicos é necesario, máis que nunca, definir ben as actuacións precisas e priorizalas axeitadamente.

A respecto das infraestruturas, tanto na UDC como na USC cabe destacar durante o curso 2013/2014 a posta en funcionamento dun novo equipo e dunha nova sala de videoconferencia. Cúmrese así o obxectivo principal que en torno ás infraestruturas figuraba na Memoria de Verificación do título. Tendo en conta que a Facultade de Filoloxía e Tradución da UVigo xa estaba equipada con dúas salas de videoconferencia, o feito de que as facultades de Filoloxía de Santiago e A Coruña tamén dispoñan dunha segunda sala fixo posible unha mellor planificación das sesións das materias optativas, especialmente no segundo cuatrimestre (momento en que se imparte a práctica totalidade destas materias). Isto permitiunos fixar un horario en que os estudantes, independetemente de cal sexa a súa especialidade, so teñen aulas dous días durante o segundo cuatrimestre. Esta circunstancia parécenos especialmente favorable para a realización das prácticas en empresas e do TFM. De feito o alumnado nas distintas reunións mantidas coas coordinadoras e cos titores valorou moi positivamente este reparto da docencia.

Nas tres Facultades procedeuse á dotación de equipamento informático de distinto tipo para varias aulas, substitución de equipos informáticos e instalación e actualización do software necesario para cubrir as necesidades docentes do profesorado. Tamén se realizaron obras de acondicionamento e de mellora en distintos espazos.

Canto aos fondos bibliográficos, o número de adquisicións continúa en ascenso en cada curso académico. Produciuse un incremento da dotación bibliográfica da biblioteca das tres Facultades (monografías, revistas, etc.). Ademais das adquisicións centralizadas, cómpre salientarmos as achegas extraordinarias feitas nas propias facultades por distintos grupos e proxectos de investigación dos centros e, no caso da UDC, polo Centro de Linguas.

Por todo isto, a valoración do cumprimento deste criterio é claramente positiva, máxime tendo en conta as restricións orzamentarias. Esta valoración positiva é refrendada pola valoración do profesorado 5.80/7 na UDC, na USC as preguntas sobre a adecuación do material de servizos e apoio á docencia e recursos para a docencia obtiveron un valor moi positivos 4.25/5 e 4.38/5 respectivamente, e na UVigo as preguntas sobre recursos materiais obtiveron unha media de 5.56/7. Pola súa banda o alumnado do Mestrado en Lingüística Aplicada nas enquisas de satisfacción do SGIC para o curso 2013/2014 tamén se pronunciou na mesma liña. Así, na UDC os ítems referidos á adecuación das aulas e dos espazos de traballo obtiveron unha cualificación de 4.8 puntos sobre 7. Canto á biblioteca, a pregunta sobre a adecuación das instalacións (equipamento, material ...) obtivo 6 puntos sobre 7; o ítem referido a se os fondos bibliográficos da biblioteca son suficientes, 5.6 sobre 7, e finalmente, a pregunta sobre se se garante o acceso ás distintas fontes de información, bases de datos, fondos bibliográficos..., para cubrir as necesidades da aprendizaxe obtivo un 6.25 sobre 7. Na USC os resultados seguen a mesma liña, pois os estudantes outorgaron 4.03/5 á pregunta sobre se os recursos didácticos empregados reforzaban a comprensión da materia (soportes multimedia, aula virtual, TICs, encerado, actividades prácticas e complementarias, guía docente, mapas conceptuais, esquemas, cadros, fotocopias, materiais de laboratorio...). Por último, esta pregunta na UVigo obtivo unha media de 3.77/5. Se ben a análise dos resultados das preguntas relacionadas con recursos didácticos e espazos empregados para o desenvolvemento do ensino non son motivo de preocupación, pensamos que o feito de non ter obtido unha maior cualificación nestas preguntas pódese deber aos problemas xurdidos coas salas de videoconferencia, que se foron solventando durante o curso pasado. Un dos equipos da UDC estragouse e o estudantado que tiña aulas nesa sala tivo que se desprazar durante uns días a outro edificio. Ademais houbo algúns cortes de conexión e problemas técnicos que impediron a impartición dalgunha aula. En todos estes casos, os profesores responsables desas materias habilitaron diferentes solución para reparar os prexuízos causados (impartir a sesión outro día, establecer a conexión vía Skype etc.). Durante este curso intentarase seguir velando polo bo funcionamento do

sistema.

Cómpre salientar tamén que o feito de ter no mestrado en Vigo unha alumna xorda obrigou á tradución das aulas para a lingua de signos e á gravación de grande parte das sesións para poder ser interpretadas posteriormente. Este traballo foi feito coa colaboración do servizo de UVigo TV e as bolseiras colaboradoras en lingua de signos.

Aproveitando as gravacións das sesións todos os alumnos de Vigo tiveron a oportunidade, desde o seu ordenador, de veren as aulas e conferencias cando non se podía asistir de xeito presencial ou reveren as sesións cando o consideraron necesario. Todos os profesores poden gravar as clases e conferencias (en circuíto cerrado ou aberto) con este sistema como se pode ver, por exemplo, en <http://tv.uvigo.es/video/94170.html> y <http://tv.campusdomar.es/en/video/3001.html>. Isto sempre é moi ben aceptado polo alumnado.

Boas prácticas

- Concentración das aulas presenciais do segundo cuadrimestre en dous días da semana, para permitir a realización das prácticas curriculares e a realización do TFM.
- Adquisición continua de fondos bibliográficos, nomeadamente no relativo aos títulos recomendados nas materias do programa formativo.
- Disponibilización das gravacións das aulas e conferencias en circuíto cerrado ou aberto, de maneira que podan ser vistas de novo polo alumnado.



Propostas de mellora

1. "Dotación dun terceiro equipo de videconferencias e un monitor móbil de 55 pulgadas" na UDC.

Breve descrición das modificacións

Xustificación das modificacións

Outros anexos

-  Enquisas de satisfacción do ALUMNADO 13 14 MILA.pdf
-  Informe de recursos materiais e servizos 2013_2014.pdf

Evidencia de:

Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (Interuniversitario)

Resultados previstos. Valoración xeral do cumprimento do criterio

Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentais

Reflexión (xustificación da valoración) / conclusións

Na Memoria de Verificación do Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada (MILA) recóllanse unicamente proxeccións para as taxas de graduación (70%), de abandono (20%), de eficiencia (80%) e de rendimento (80%), mais a día de hoxe dispomos tamén de datos sobre a taxa de éxito. Así pois, á vista dos datos xerais a Comisión Académica do Mestrado valora como moi satisfactorios os datos que figuran no PC11-Anexo02, e sobre os que reflexionamos a seguir.

A comezar pola taxa de graduación, cómpre indicar que esta ha de valorarse no ano seguinte á primeira promoción de graduado. Posto que o curso 2013/2014 foi o primeiro en que se impartiu o MILA, non se terán valores para a taxa de graduación até ter concluído o curso 2014/2015. Algo semellante acontece coa taxa de abandono, para cuxo cálculo debe coñecerse o número de alumnado dunha cohorte inicial do ano X que non se matricula nos cursos X+1 e X+2.

Porén, si que foi posíbel calcular a taxa de eficiencia, que no curso 2013/2014 se situou no 100% na UDC e na USC e no 96,77% na Uvigo, alcanzándose desta maneira unha media nas tres universidades do 98,92%, dato que mellora en moito o resultado do 80% previsto na memoria.

No relativo á taxa de rendimento, no curso 2013/2014 alcanzouse un valor medio do 81,34% (UCD: 68,99%; USC: 79,17%; Uvigo: 95,86%), case dez puntos por debaixo do previsto na memoria de verificación do título. Ademais, a taxa de rendimento máis baixa dáse na UDC, polo que foi preciso realizar unha reflexión desde a coordinación da titulación. Nesta análise (ver anexo), apúntanse unha serie de incidencias que contribuíron para que os resultados na UDC fosen inferiores ao esperado (motivos de saúde, laborais etc.). Con todo, cómpre estarmos atentos aos valores do próximo curso, pois de esta taxa continuar en valores inferiores aos propostos na memoria comprirá propoñer accións de mellora.

En conclusión, supéranse as previsións numéricas das taxas indicadas na Memoria de Verificación, de modo que consideramos que se debe continuar a traballar neste sentido.

Boas prácticas

Propostas de mellora

Breve descrición das modificacións

Xustificación das modificacións

Outros anexos

-  Análise taxas MILA.pdf
-  Histórico de taxas do MILA.pdf

Evidencia de:

Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (Interuniversitario)

Sistema de Garantía de Calidade. Valoración xeral do cumprimento do criterio

Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

- Satisfactoria
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentais

Reflexión (xustificación da valoración) / conclusións

Para valorarmos o cumprimento deste criterio, reflexionaremos á volta da implación do SGIC en cada un dos tres centros involucrados no desenvolvemento do Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada (MILA), isto é, a Facultade de Filoloxía da UDC, a Facultade de Filoloxía da USC e a Facultade de Filoloxía e Tradución da UVigo.

O SGIC DA FACULTADE DE FILOLOXÍA DA UDC

Durante o curso 2013/2014 realizouse a revisión e actualización de certos procedementos e anexos do Manual do Sistema de Garantía Interno do centro, ben para incorporarmos en procedementos estratéxicos melloras que foran recomendadas pola axencia avaliadora a outros centros da Universidade da Coruña, ben para incluírmos en procedementos de apoio un órgano encargado de analizar os datos presentados anualmente polo Vicedecano de Calidade. Informouse destas mudanzas na reunión de 29.05.2014 da Comisión de Estratexia e Calidade (ver acta en anexo) e mais na Xunta de Facultade de 26.09.2014 e difundíronse posteriormente a través do SGIC e da páxina web da Facultade.

No curso 2013/2014 procurouse a implantación efectiva e completa do SGIC e a implicación manifesta dos diferentes axentes involucrados, segundo se recolle no cronograma e no cadro de responsabilidades (que se poden contrastar na carpeta "Documentación" da aplicación do SGIC).

Relativamente ao sistema de alertas sobre as tarefas do SGIC posto en andamento no curso anterior, no 2013/2014 continuou a ser moi operativo para poder levar actualizados eses labores. A Unidade Técnica de Calidade da UDC, a través da aplicación Alfresco (<https://documenta.udc.es>) foi avisando, con tempo suficiente para a súa realización, daqueles traballos que debían ser desenvolvidos para o oportuno funcionamento do SGIC. Con todo, como é normal, houbo tarefas derivadas das especificidades de cada centro e titulación cuxa realización nos tempos establecidos ficou baixo a responsabilidade do vicedecano de calidade. Na altura de realizarmos esta reflexión está en exposición pública o Plano Estratéxico 2014-2020 da Facultade de Filoloxía, que foi elaborado pola Comisión de Estratexia e Calidade seguindo as directivas da UDC (ver en anexo a acta da Comisión de Estratexia e Calidade de 06.02.2014). Na Comisión de Estratexia e Calidade de 29.05.2014 (ver anexo ACTA_CEC_5) estableceéronse grupos de traballo para a revisión e mellora do primeiro rascuño do Plano Estratéxico, segundo se informou en Xunta de Facultade de 26-05-2014 (ver anexo Acta14-05-26). Unha vez incorporadas as achegas dos diferentes grupos de traballo, informouse en Xunta de Facultade de 29.09.2014 do inicio do proceso de exposición pública do Plano Estratéxico 2014-2020 na páxina web da facultade (http://www.udc.gal/filo/sistema_de_calidade/plano_estrategico_facultade_filoloxia/), previamente á súa aprobación definitiva. O PE fora xa enviado á Unidade Técnica de Calidade (como se informou en Xunta de Facultade do 29-7-2014, ver anexo Acta_14-07-29) para que llo fixesen chegar á Vicerreitoría de Planificación Estratéxica e Infraestruturas, que segundo o PE03 é o órgano encargado de revisar os planos estratéxicos do centro. A Unidade Técnica de Calidade realizou unha avaliación preliminar, que o PE de Filoloxía superou satisfactoriamente. Nestes momentos, estamos á espera do visto e prace definitivo desta vicerreitoría para someter o Plano Estratéxico 2014-2020 á aprobación definitiva en Xunta de Facultade.

Por súa vez, a Comisión de Estratexia e Calidade do centro reuniuse coa periodicidade precisa para que o seu funcionamento fose satisfactorio, cun alto grao de asistencia, participación e produtividade. A incorporación dos coordinadores e das coordinadoras das titulacións tras a mudanza da composición dos seus membros realizada no curso 2012/2013 (por resolución da vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías) resultou moi operativa para analizar moitos dos valores obtidos dos inquéritos de satisfacción dos diferentes grupos de axentes (PAS, PDI e alumnado) e trasladar esa análise e os eventuais planos de mellora aos docentes e demais involucrados nas respectivas titulacións.

A potenciación da realización por parte dos grupos de interese deses inquéritos de satisfacción (unha das máis importantes vías de entrada da información que alimenta o sistema, fornecendo datos moi relevantes para ponderar os diferentes itens que configuran os criterios da calidade das nosas titulacións) foi un das principais inquietudes da Comisión de Estratexia e Calidade.

Na análise das enquisas do alumnado comprobouse unha participación do 55,50%.

Canto ao PAS da facultade de Filoloxía da UDC, a porcentaxe de participación na enquisa de satisfacción (realizada igualmente en papel), situouse nun 93,75%, moi por encima do 66,67% do curso 2012-2013.

Aínda non temos inquéritos de satisfacción dos titulados. O procedemento para a realización deste inquérito foi comunicado aos centros pola Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías o 16 de setembro de 2013 e consiste no reparto dos formularios no momento en que os titulados recollen o título e aínda non se recibiron no centro os títulos desta titulación. Con todo, propónse o plano de mellora para o centro "Infomación sobre o inquérito de satisfacción dos titulados".

Aínda non foi posíbel obter o feedback procedente dos empregadores, polas dificultades para facermos o seguimento do percurso laboral dos titulados.

No que di respecto do PDI, no curso 2013/2014 a porcentaxe de participación na UDC na enquisa de satisfacción do profesorado ascendeu ao 66,18%.

O SGIC DA FACULTADE DE FILOLOXÍA DA USC

Toda a información sobre o SGIC da Facultade de Filoloxía da USC está dispoñíbel na propia web da facultade (http://www.usc.es/fac_filoloxia/sgic.html). Con data 26.04.2010, a ACSUG certificou o deseño do SGIC aplicábel a todas as titulacións impartidas no centro.

O Manual de Calidade da Facultade de Filoloxía foi aprobado en Xunta de Facultade do 07/07/2009 e a versión simplificada do mesmo (Manual simplificado do SGIC da Facultade de Filoloxía da USC) foi aprobado pola Comisión de Calidade o 19/12/2013 e pode accederse a el en http://www.usc.es/fac_filoloxia/arquivos/CALIDADE/SGIC_simplificado_Filoloxia_1.pdf.

Na memoria de calidade 2012-2013 do centro

(http://www.usc.es/fac_filoloxia/arquivos/CALIDADE/MEMORIA_DE_CALIDADE_2012_2013.pdf) recollíanse as propostas de mellora, entre as que se incluían a AM1-Implantación do SGIC modificado e actualización da documentación en vigor e mais a AM2-Deseño e implementación dun plan estratéxico da Facultade de Filoloxía da USC, cuxa data prevista de finalización é o 31/12/2014.

Relativamente á participación nas enquisas de satisfacción, a porcentaxe do profesorado que respondeu o inquérito da USC sitúase no 36,36%, e este valor descende aínda ao 25% no caso do alumnado. Por iso, a Comisión de Calidade está a ponderar actuacións para aumentar a participación destes grupos de interese nas enquisas de satisfacción, posto que entende que estas son unha das fontes máis importantes de información para podermos avaliar os procesos que determinan a calidade da titulación.

O SGIC DA FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN DA UVIGO

A Facultade de Filoloxía e Tradución da UVigo seguiu o proceso de auditoría para acadar a certificación de implantación do seu Sistema de Garantía Interna de Calidade. O SGIC está accesíbel na web da Facultade

(http://www.webs.uvigo.es/centros/fft/?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=101&id=2195:2).

Na reunión da Comisión de Calidade do 11 de xullo de 2013 aprobáronse as modificacións feitas nos procedementos revisados.

Por outro lado, nas súas reunións de xullo e setembro de 2011, a Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución da UVigo definira os "Obxectivos de calidade da FFT" (IT02-PE01), que se recollen no anexo "OBXECTIVOS DE CALIDADE EN VIGOR FFT UVigo.pdf". Finalmente, a ACSUG emitiu o 07.10.2014 un informe favorábel de auditoría externa inicial para a certificación da implantación do SGIC do centro (ver anexo "IF_Certif_FFTraducion_Vigo.pdf").

A listaxe dos procedementos actualizados recóllese no documento anexo "PROCEDEMENTOS_SGIC_ABRIL2014_AUDITORÍA.pdf".

Por súa vez, a Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución da UVigo continuou a reunirse con regularidade durante o curso 2013/2014. A súa composición pode ser consultada en

http://www.webs.uvigo.es/centros/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=file&id=2555:membros-comision-de-calidade-2009-2014.

Canto á participación dos diferentes grupos de interese da Facultade de Filoloxía e Tradución da Uvigo involucrados no Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada nas enquisas de satisfacción, o alumnado participou nun 41,33%, entretanto que o profesorado o fixo nun 68,18%.

Boas prácticas

-Actualización permanente dos procedementos e anexos dos respectivos SGIC









Propostas de mellora

1. Plano de mellora de centro (Facultade de Filoloxía da UDC) "Infomación sobre o inquérito de satisfacción dos titulados".
2. "Realización da enquisa de satisfacción dos egresados na USC".

Breve descrición das modificacións

Xustificación das modificacións

Outros anexos

-  Enquisas de satisfacción do ALUMNADO 13 14 MILA.pdf
-  Enquisas_profesorado_USC.pdf
-  Evaluación máster_Santiago_alumnos.doc
-  IF_Certif_FFTraducion_Vigo.pdf
-  OBXECTIVOS DE CALIDADE EN VIGOR FFT UVigo.pdf
-  PROCEDIMENTOS_SGIC_ABRIL2014_AUDITORÍA.pdf
-  historico_enquisas_mestrado_Uvigo.xlsb
-  informe de satisfacción de PAS_USC.pdf

Evidencia de:

Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (Interuniversitario)

Calendario de Implantación. Valoración do cumprimento do criterio

Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentais

Reflexión (xustificación da valoración) / conclusións

O Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada implantouse no curso 2013/2014.

O calendario de implantación está dispoñible a través da web da Facultade en <http://sgic.udc.es/segueamento.php?id=613> e cumpriuse sen ningunha incidencia (véxanse as correspondentes epígrafes da Memoria de Verificación).

Boas prácticas

Propostas de mellora

Breve descrición das modificacións

Xustificación das modificacións

Outros anexos